



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VERÍN

DOCUMENTO PARA
APROBACIÓN DEFINITIVA

MEMORIA ORDENACIÓN

TOMO VI

AVALIACIÓN AMBIENTAL

ESTRATÉXICA

VOL. -3

PROPOSTA DE MEMORIA
AMBIENTAL

PROPOSTA DE MEMORIA AMBIENTAL

DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VERÍN

ÍNDICE.

1.	Introdución.....	3
1.1.	Equipo redactor.....	3
2.	Análise do proceso de avaliación.	4
2.1.	Tramitación do procedemento ambiental.....	4
2.2.	Análise dos aspectos ambientais e socioeconómicos relevantes do territorio.	5
2.3.	Análise dos obxectivos e criterios.	5
2.4.	Análise das alternativas.....	8
2.5.	Análise e integración dos efectos do Plan sobre as variables de sustentabilidade.....	12
2.6.	Análise e integración dos efectos do Plan sobre a ocupación e transformación do territorio.	19
2.6.1.	Avaliación xeral dos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable.....	19
2.6.2.	Fichas individualizadas dos ámbitos con Ordenación Detallada no PXOM.	25
2.7.	Medidas protectoras, correctoras.....	26
2.8.	Concreción do seguimento do Plan.....	26
2.9.	Viabilidade económica do plan.	26
3.	Avaliación do resultado da fase de consultas.	27
3.1.	Análise do procedemento de participación pública e consultas.....	27
3.2.	Análise dos resultados da participación pública e consultas.	27
3.3.	Análise da integración dos resultados do proceso de participación pública e consultas.	28
3.4.	Informes das administracións públicas.	33
4.	Análise do Plan para aprobación provisional.....	38
4.1.	Clasificación solo aprobación provisional.	38
5.	Análise do Plan para aprobación definitiva.....	46
5.1.	Clasificación DO solo PARA A aprobación DEFINITIVA.	46
5.2.	Conclusións.....	55

1. INTRODUCCIÓN.

O presente borrador da MEMORIA AMBIENTAL do proceso de Avaliación Ambiental estratéxica do PXOM de Verín redáctase de acordo co previsto polo artigo 12 de a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

A memoria ambiental é preceptiva e debe terse en conta no Plan antes da súa aprobación definitiva, contendo as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do Plan.

1.1. EQUIPO REDACTOR.

O presente documento redactouse por un equipo da empresa Consultora Galega S.L. no que participaron os seguintes profesionais:

- Xoán C. PORTELA REGODESEVES, Arquitecto.
- Alfonso BAR BLANCO, Biólogo
- Patricia VILLOT CAMESELLE, Bióloga.
- Miguel A. BARREIRO GARCÍA, Xeógrafo.
- Diego Rodríguez Enríquez, Arquitecto.

En Pontevedra, outubro do 2012.

Polo Equipo Redactor:

Asdo. Xoán Carlos Portela Regodeseves

2. ANÁLISE DO PROCESO DE AVALIACIÓN.

2.1. TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO AMBIENTAL.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Verín sométese ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) conforme ao establecido na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, e en cumprimento do artigo 5 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O Concello de Verín como órgano promotor remite con data 8 de outubro de 2007 ao Órgano Ambiental -registro de entrada nº 23448- da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (DXDS), o documento de Inicio ao obxecto de iniciar o trámite da AAE. Seguidamente, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (DXDS), como órgano ambiental do procedemento de AAE, facilitou ó Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) e ó público en xeral, a través da dirección web: <http://aae.medioambiente.xunta.es>, o acceso ao Documento de Inicio para o seu exame. O órgano ambiental consultou, segundo o establecido no artigo 19 da lei 9/2006, aos órganos das Administracións Públicas afectadas e público interesado co obxecto de determinar o alcance e nivel de detalle do Informe de Sustentabilidade Ambiental.

O resultado da fase de consultas preliminar foi unha única resposta do *Organismo Autónomo de Augas de Galicia* Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, remitindo a consulta á Confederación Hidrográfica do Douro.

Segundo as determinacións do Documento de Referencia, elaborouse o Informe de Sustentabilidade Ambiental que se incorporou ao PXOM na fase de aprobación inicial. O pleno municipal do Concello de Verín, aprobou inicialmente o PXOM co Informe de Sustentabilidade Ambiental con data 20/04/2010 e abriu o trámite de información pública do PXOM e do ISA durante o prazo de dous meses.

O anuncio da aprobación inicial do PXOM e do trámite de información pública publicouse no DOG do 3 de maio de 2010 e nos dous xornais de maior difusión da provincia (La Región e La Voz de Galicia do día 03/05/2010). A exposición ao público propiamente dita, realizouse dende o día 04/05/2010 ata o día 05/07/2010 dese mesmo ano, na Casa do Concello.

Trala participación pública e consultas como resultado da posta a disposición das Administracións Públicas afectadas e do público interesado do PXOM e do ISA, o documento do Plan modifícase para integrar os resultados do proceso de participación pública e consultas, e en consecuencia o documento do PXOM para aprobación provisional presenta variacións, tanto nos textos como nos planos, sobre o documento que foi a aprobación inicial. E por, tanto o ISA que foi a aprobación inicial, presenta os datos e avalía o Plan previo á fase de consultas.

Nesta proposta de memoria ambiental introducimos as modificacións e a integración dos resultados do proceso de participación pública; así como as medidas preventivas e as medidas particulares -no caso de ser necesarias- que teñan que incorporarse en consecuencia dos cambios producidos no Plan dende a aprobación inicial ata a aprobación provisional.

2.2. ANÁLISE DOS ASPECTOS AMBIENTAIS E SOCIOECONÓMICOS RELEVANTES DO TERRITORIO.

O concello de Verín pertence á comarca de Verín tamén chamada de Monterrei, situada ao sur da provincia de Ourense e integrada polos municipios de Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín e Vilardevós.

Conta cunha superficie de 94,15 km² e limita cos concellos de Castrelo do Val, Monterrei, Oímbra e Vilardevós así como con Portugal polo sur, compartindo coa Vila de Chaves un proxecto de desenvolvemento denominado Eurocidade.

No ano 2011 contaba cunha poboación de 14.663 habitantes, o cal supón un 51,50% dos 28.410 cos que conta a comarca. A estrutura da poboación por grandes grupos de idade é a seguinte: o 13,15% son menores de 16 anos, o 64,40% entre 16 e 64 anos e o 22,45% maiores de 64 anos o que dá un índice de avellentamento de 134,9. O 13,20 % da poboación censada é estranxeira.

A maior parte da poboación concéntrase no núcleo urbano de Verín (71,68% do total). Os asentamentos de maior entidade despois da capital son Pazos, Tintores e Feces de Abaixo pero cunha porcentaxe de poboación moi inferior. O resto de asentamentos de poboación son núcleos rurais de menor dimensión.

O crecemento poboacional experimentado na última década (2001-2011) da orde duns 1.600 habitantes (INE) tense traducido nunha demanda constante de vivenda que fai que o número de licenzas roldes as 170 anuais. Esta tendencia contrasta coa dos concellos da contorna, e a maioría dos da Galicia interior onde o despoboamento é a tónica dominante.

Dende a perspectiva ambiental, Verín conta co ámbito do LIC do río Támega (código ES11300005) cunha superficie total de 718,76 ha das cales 299,63 pertencen a Verín. Por outra parte o río Támega fai intersección cunha serie de humidais de interese natural: uns son humidais artificiais con interese natural procedentes das explotacións mineiras e outros son meandros abandonados do Támega. Son espazos húmidos de interese natural, integrantes do complexo de humidais do Támega.

Así pois, temos unha parte do territorio de Verín integrado na Rede Galega de Espazos Protexidos e por tanto deberase garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies de que se trate na súa área de distribución natural.

Os diagnósticos ambiental, socioeconómico e territorial están tanto na memoria do medio rural como na diagnose do ISA.

2.3. ANÁLISE DOS OBXECTIVOS E CRITERIOS.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Verín propón unha serie de obxectivos para a protección ambiental e o desenvolvemento sostible, que están en consonancia coas políticas, directrices e estratexias no marco de referencia ambiental e de Sustentabilidade europeo; así como dos instrumentos de planificación sectorial e as determinacións do documento de referencia.

A proposta de planeamento pretende corrixir as problemáticas ambientais e socioeconómicas detectadas e ordenar o territorio baixo criterios de sustentabilidade e de integración ambiental, propiciando unha mellora da calidade de vida e das oportunidades de desenvolvemento da poboación, con actuacións que potencien a mellora do turismo, que se fomente a creación e desenvolvemento de actividades empresariais, e que se condicione e establezan normas de protección do patrimonio natural, cultural e paisaxístico.

Preséntase un modelo de ordenación que parte primeiramente do recoñecemento do concello como capitalidade comarcal e importante zona de paso cara a meseta e ao mesmo tempo espazo fronteirizo con Portugal o que lle confire unha gran potencialidade para as relacións sociais e económicas, nun territorio interior onde existe así mesmo un amplo patrimonio natural e cultural. Estas características son valoradas na propia estrutura que establecen as DOT coa consideración de Verín como elemento do Sistema Urbano Intermedio, e polo tanto clave para o equilibrio territorial, a cohesión social, e posibilitador dun aproveitamento integral das oportunidades de actividade tanto existentes como por vir. O Plan que se elabora presenta un modelo territorial onde se potencian as zonas urbanas de Verín e Pazos pondo especial atención na recuperación dos seus tecidos históricos, no que respecta aos núcleos rurais buscase compactar e colmatar aqueles que a tenor de planeamentos anteriores sufriron un crecemento difuso descontrolado. No que se refire aos solos para actividades comerciais e industriais levase a cabo unha acaída oferta para ampliar as zonas estratéxicas existentes como o polígono de Pazos así como a posta en marcha do polígono de Tamagos que será un dos principais referentes de actividade non só na provincia senón tamén a nivel transfronteirizo.

A estratexia do modelo de ordenación do Plan define e delimita as necesidades que debe dar resposta o planeamento, unha vez calculada e xustificada a demanda residencial. Deste modelo que define o Plan saen os principais obxectivos e criterios:

- Consecución dunhas axeitadas redes de servizos: tanto de abastecemento como de saneamento. O Plan fai un esforzo salientable nos servizos de abastecemento e saneamento para mellorar o ciclo hídrico e erradicar os vertidos. Calculando a capacidade do sistema de abastecemento e a dimensión necesaria do sistema de saneamento, para garantir a depuración das augas.
- Primar a compactación dos solos urbanos e a mellora dos seus tecidos históricos, así como incrementar a densidade edificatoria nos distintos núcleos rurais freando na medida do posible os procesos de crecemento difuso dos últimos anos.
- Evitar a fragmentación do territorio e a formación de barreiras que produzan ruptura na continuidade dos distintos usos previstos nos novos espazos urbanos e dos hábitats.
- Mellora dos equipamentos deportivos, culturais, e turísticos localizados nos asentamentos principais e secundarios para facilitar o acceso á meirande parte da poboación.
- Integrar no sistema de espazos libres do patrimonio natural, mediante a definición de corredores verdes. O Plan garante que non se afecta a espazos de especial valor (no seu caso establécense medidas correctoras para que os espazos de interese se dediquen a espazos libres, mantendo a biodiversidade).

- Creación de grandes corredores ecolóxicos (nas marxes dos principais ríos e regatos como o Támega ou o Marbán) e corredores verdes que poñan en relación os espazos máis antropizados co medio natural que o rodea e co patrimonio que ambos conteñen. Potenciar polo tanto o uso social do legado natural, como medio de protección e posta en valor. A defensa do patrimonio natural é unha peza sumamente importante na articulación territorial da vila de Verín, entendida esa defensa, non só como conservación do existente, senón tamén como elemento susceptible da súa posta en valor como recurso económico.
- Crear actuacións tractoras ou dinamizadoras produtivas, mediante a delimitación de polígonos empresariais, e potenciación do turismo e das actividades relacionadas coas augas minerais nas que Verín é un claro referente.
- En canto á mobilidade, o Plan aposta primeiramente polo transporte público coa construción dunha nova estación de autobuses que desconxestione e mellore as prestacións da existente, ao tempo que se potencia a creación de itinerarios peonís e carris-bici de forma que se poda tecer un sistema de mobilidade alternativa funcional e eficiente.
- Tódolos ámbitos do territorio con valores ambientais, paisaxísticos e de interese cultural arqueolóxico ou patrimonial quedan protexidos. O planeamento velará pola preservación e mellora do patrimonio natural e promoverá unha visión integradora e holística do territorio.
- En canto aos residuos prodúcese melloras no tratamento racional de todo tipo de residuos, vertedoiros incontrolados, etc.
- No que se refire á atmosfera levaranse a cabo medidas urbanísticas que supoñan a rexeneración atmosférica e doutras que impidan ou limiten a contaminación do aire.
- A proposta do novo Plan intenta ser a máis axeitada para corrixir as dinámicas negativas detectadas e propiciar unha mellora na calidade de vida e das oportunidades de desenvolvemento da poboación de Verín e unha serie de condicionantes que fomenten a estratexia da sustentabilidade.
- Tamén se fomentan accións e actividades para os solos rústicos que potencien os seu valores intrínsecos. Nesta alternativa as áreas de crecemento natural, isto é as áreas de crecemento residencial que se produce ao redor ou nos intersticios dos asentamentos existentes, e nos solos urbanizables residencias inténtase conseguir equipamentos e espazos libres acadando un acaído remate nas tramas dos núcleos e dos solos urbanos para conseguir mellorar a imaxe dos mesmos e, á vez, posibilitar novas dotacións.
- O equilibrio entre a necesidade de ocupación do solo e a planificación prevista polo Plan está xustificada ao longo de varios puntos da Memoria do PXOM, sendo especialmente relevante ao respecto a xustificación exposta na estratexia de actuación do Plan, así como a análise dos procesos de participación pública que permitiron detectar cara onde se orientan as inquedanzas e desexos dos veciños do concello de Verín, para desta forma tratar de elaborar un instrumento de planeamento útil, referendado e interiorizado por aqueles a quen vai dirixido.

2.4. ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS.

As alternativas sintéticas de planeamento expostas no ISA foron xustificadas e valoradas mediante unha valoración cualitativa a partir do grao (1 mínimo e 5 máximo) de achegamento aos principais criterios e obxectivos de sustentabilidade. Contempláronse a estes efectos tres alternativas: a “ALTERNATIVA CERO”, a “ALTERNATIVA UN (A)” que incidía cunha potenciación ambiciosa do crecemento residencial conseguir un auténtico relanzamento da actividade municipal e a “ALTERNATIVA DOUS (B)” cunha proposición de expansión máis moderada, recoñece a realidade actual e intenta paliar a problemática detectada e incorpora as demandas cara unha estratexia de sustentabilidade para acadar un modelo territorial que mellore a sociedade e o territorio cunha xestión ambiental, territorial e urbanística, cunha estratexia que intenta resolver moitas das problemáticas territoriais, ambientais e sociais existentes no territorio de Verín. Analizouse tamén a alternativa 0, entendendo como tal, non tanto a situación actual descrita nos preceptivos estudos do Plan, senón, a evolución da situación actual (sen o novo PXOM) nun período razoable de tempo.

Cómpre salientar que o equipo redactor considerou dende o inicio, e de xeito integrado nas diferentes etapas do PXOM, os aspectos ambientais xunto cos socioeconómicos nas tomas de decisións que se foron levando a cabo nas diferentes accións e etapas que configuran o novo PXOM. E así estimáronse as repercusións ambientais das principais pezas do Plan, que levaron en determinados casos a modificar a ordenación como no caso das cuestións formuladas polo organismo de bacía ou a introducir medidas correctoras como é por caso a mellora da capacidade de infiltración das augas atmosféricas no subsolo das zonas densamente urbanizadas, a partires de fixar porcentaxes das parcelas que deben posibilitar ese fin non empregando nelas pavimentos impermeables, o cal tamén favorece a disipación da calor previndo o efecto de “illa térmica”, por tanto o proceso ten influído significativamente na redacción do plan. Así, podemos dicir que se foi avaliando a sustentabilidade do Plan dende o inicio da súa redacción, tendo en conta o diagnostico e os obxectivos de sustentabilidade a acadar.

E por último, sinalar que a proposta do Plan para aprobación inicial difire da aprobación provisional, xa que logo a aprobación provisional integra os aspectos sinalados nos informes das Administracións públicas e as alegacións recibidas tomadas total ou parcialmente en consideración. Así o plan para aprobación provisional presenta variacións, tanto nos textos como nos gráficos. Estas variacións dannos unha valoración similar na maioría dos aspectos á valoración que tiña acadado a proposta de alternativa seleccionada na aprobación inicial, aínda que cun consumo de solo para actividades edificatorias e produtivas algo superior debido ás numerosas alegacións presentadas nese senso, e que foron aceptadas en boa medida, xa que o proceso de participación cidadá é un dos piares da Avaliación Ambiental Estratéxica e o devandito incremento non supón modificacións significativas noutros aspectos do PXOM, nin no modelo, nin nos obxectivos últimos de preservación e posta en valor dos recursos e elementos relevantes da paisaxe, o medio natural, e o patrimonio, así como tampouco desvirtúa os parámetros xa estudados das distintas variables analizadas no ISA.

Aos efectos de actualizar a comparación que se realizaba no ISA entre as alternativas A e B iniciais, podemos incluír aquí unha comparativa actualizada entre a alternativa desbotada no

ISA (a que se denominaba como A, e que aquí denominaremos como 1) e a versión actual do PXOM (que aquí denominaremos como 2), comparación que recollemos nos seguintes parágrafos:

- Consumo de solo. Esta variable é das que apenas presenta as maiores diferenzas entre ámbalas alternativas en canto a dimensión global de cada unha das clases e categorías de solo. Non obstante, estas pequenas diferenzas, agochan pola contra importantes matices de calidade urbanística e cohesión social para o concello tendo en conta sempre como premisa básica a máxima de que minimizar o consumo de solo é racionalizar o seu uso, de acordo a un modelo territorial coherente e eficiente, é un obxectivo prioritario cara á sustentabilidade, polo tanto estamos ante unha das variables de maior peso na estratexia da sustentabilidade dun Plan Xeral de Ordenación Municipal.
 - o A alternativa 1 promovía unha maior potenciación da nova residencia, apoiado por unha banda no solo urbano non consolidado dos grandes baldíos dos terreos das traseiras dos predios, mediante o solo de núcleo rural e mediante a creación dunha serie de ámbitos de solo urbanizable residencial, de xeito que acolla novos residentes ou como establecemento de segundas residencias para os períodos de vacacións. Xa que logo, a alternativa 2, se ben apoiada nas mesmas claves fai un acondicionamento parecido aínda que con matices de carácter cualitativo. O número de solo destinado a novos desenvolvementos en non consolidado diminúe respecto da alternativa 1 aínda que se aumenta o solo consolidado xa que no transcurso da tramitación deste documento parte do solo urbano foise transformado seguindo as dinámicas de crecemento dos últimos anos. O número de vivendas estimadas mantense en cifras moi semellantes entre as distintas fases se ben a calidade urbanística da alternativa seleccionada é maior xa que garante un maior número de reservas para espazos libres e zonas verdes ou mesmo dotacións de carácter colectivo.
 - o Os solos urbanos supoñían na alternativa 1 o 5,70 % e na alternativa 2 o 5,46 % do territorio sendo diferenzas moi sutís se ben destacan as comparacións entre consolidados en non consolidados. No caso do solo de núcleo rural, as diferenzas son un pouco maiores como se poden observar nas táboas comparativas. Estas diferenzas son debidas aos cambios introducidos na lexislación urbanística referentes a consideración dos parámetros de consolidación para a delimitación dos núcleos en lugar da anterior en función da distancia aos núcleos tradicionais que se aplicou no caso da alternativa 1. Así pois aumenta substancialmente o solo de tipo “común” no caso da alternativa 2, xa que se fai o esforzo de recoller o maior número de vivendas existentes na actualidade no medio rural que doutro xeito quedarían fóra de ordenación.

- o Pola contra, os urbanizables acadan un maior desenvolvemento na alternativa 2, se ben cómpre sinalar que son maioritariamente urbanizables delimitados o 88.05% do solo urbanizable, deixando só o 11.95 % a solos urbanizables non delimitados, e que os grandes consumidores de solo son os urbanizables industriais de Pazos e Tamagos (pezas de execución independentes do PXOM ao tratarse de plans sectoriais). Así pois, a alternativa 2 reserva para as actividades económicas 152,8 ha, das cales, 120 ha consume o SUI-1 Tágagos.
- o En conclusión, a pesares de que a alternativa 2 se move en cifras globais de consumo de solo, moi semellantes a alternativa 1, presenta pola contra, unha planificación urbanística máis acaída á realidade territorial dun concello capital de comarca, no que se fomenta a concentración de crecementos e dotación de servizos á comunidade, evitando a dispersión da urbanización e das edificacións no conxunto do territorio.
- o En canto ao solo rústico de especial protección de valores naturais, a alternativa 2 propón un lixeiro aumento desta categoría de solo, con respecto da alternativa 1, pasando do 3.12 % do territorio ao 3.24 %, recollendo, polo tanto, un pequeno aumento como zona tampón arredor do espazo pertencente á Rede Natura e espazos próximos á canle do río Támega.
- Ciclo hídrico: no que se refire a esta variable, ámbalas alternativas poñen de manifesto a necesidade de mellorar as redes de servizos, tanto de abastecemento, saneamento así coma depuración. A alternativa 2 fai propostas para o sistema xeral de abastecemento, sendo necesario a mellora, mediante o aumento da demanda da ETAP e instalacións de novos depósitos e novas redes. E para o sistema xeral de saneamento: reforzo da rede existente (ampliación da EDAR, eliminar a fosa séptica da ribeira do río Gandulfes, nova rede da Eurocidade Verín Chaves, así como o PXOM da alternativa 2 establece as características mínimas para os novos colectores .
- Mobilidade: no que se refire a esta variable a alternativa 2 propón unha proposta de mobilidade sostible (propostas de mobilidade, aparcadoiros disuasorios, transporte público, bicicarrís...) así como unha rede de itinerarios “verdes” que se apoian nunha serie de reservas próximas ao ríos e regatos do contorno do próximo ao solo urbano.
- Enerxía: no que se refire a esta variable, ámbalas alternativas poñen de manifesto a necesidade de promover o aforro no consumo enerxético.
- Emisións contaminantes: neste caso ámbalas alternativas establecen medidas semellantes para a protección das persoas e hábitats (establecendo afeccións por liñas eléctricas, estradas...) mentres que as emisións contaminantes existentes e previsibles non son moi importantes, estimándose, en xeral, unha boa calidade do aire, aínda que sen poder cuantificar ese parámetro ao non haber estacións de medida nin estudos que recollan este dato concreto para o concello e o seu contorno.

- Xestión de residuos: as dúas alternativas propoñen accións cara á xestión dos residuos.
- Integración social: en ámbolos casos a integración social e a consecución dunha mellora da calidade de vida de xeito o máis homoxéneo posible, en todo o concello é o fin último a acadar, sendo neste caso as diferenzas non son moi importantes entre as dúas alternativas.
- Medio natural: neste caso unha vez identificados os valores naturais e as necesidades de protección e valorización, procédese á clasificación dos distintos ámbitos, en función das súas características e aptitudes. A alternativa 2 fai unha proposta ambiental moi ampla, mediante un plan ambiental que integre a biodiversidade, evitando o illamento dos diferentes sistemas naturais cun gran proxecto ambiental, onde temos interconectados corredores ecolóxicos, corredores verdes, montes urbanos e montes forestais.
- Medio rural: as medidas propostas en ámbalas alternativas pretenden favorecer a vida do medio rural, se ben a alternativa 2, atendendo aos parámetros da última modificación da LOUGA, recolle un maior número de vivendas existentes que doutro xeito quedarían fóra de ordenación.
- Paisaxe: en calquera das dúas alternativas procédese a unha valoración da paisaxe e dos elementos que singularmente a conforman como elemento fundamental do contorno e o benestar humano. Se ben, na alternativa 2 promóvese mediante a estratexia ambiental que pon en valor a mellora e protección paisaxística. Ademais dos solos de protección da paisaxe
- Patrimonio: a elaboración do catálogo de bens municipal, supón nun primeiro momento un gran labor didáctico de recuperación da memoria e presentación daqueles elementos e espazos que foron legados polos devanceiros e que se deben protexer como parte fundamental da cultura e dunha forma de ser co territorio. Ámbalas alternativas lévanse a cabo por lei. Na alternativa 2 promóvense 3 plans especiais do casco vello/barrio San Iázar, Pazos e balneario de Cabreiroa.
- Poboación: as dúas propostas que estamos a tratar, igual que acontecía no caso da integración social, buscan establecer un modelo equilibrado que garanta posibilidades de emprego, traballo, ocio e servizos. Na Alternativa 2 créase unha reserva sociocultural para a implantación dun novo auditorio.
- Vivenda: no tema da vivenda a alternativa 1, pon no mercado unha cantidade de solo urbano, urbanizable e de núcleo rural, semellante á alternativa 2, aínda que esta última favorece, a priori, que o custo do mesmo baixe e, consecuentemente, o prezo final da edificación; mais non ten en conta que isto incrementa o abandono das zonas tradicionais máis consolidadas e o número de edificacións baleiras e en estado de ruína, en favor dunha urbanización máis difusa, o que supón un maior custo ao precisar unhas extensas redes de servizos para un número de usuarios moi reducidos ao mesmo

tempo que unha diminución do solo agrario que circunda os núcleos rurais. Pola súa banda, a alternativa 2 toma en consideración que a estratexia de desenvolvemento debe aunar recuperación do patrimonio construído existente, coa posibilidade de nova edificación. A capacidade máxima residencial da alternativa 2 acada o rango de 8.000 novas vivendas.

- A alternativa 1 protexía como solo rústico o 88,34% do territorio e a alternativa B protexe o 87,22% do territorio, movéndose en cifras moi semellantes, se ben a algúns dos solos rústicos considerados na alternativa 1, teñen o carácter de residual como intersticios da trama urbana ou dos núcleos rurais, cunha tendencia clara a desaparecer, absorbidos como zonas libres e de espaxamento das tramas urbanas.

En conclusión, pódese afirmar que a alternativa 2 que é a proposta do Plan Xeral, promove a redacción dun planeamento enfocado cara á sustentabilidade e ambientalmente integrado, utilizando criterios e estratexias que fomenten accións para a mellora da calidade de vida e das oportunidades de desenvolvemento; condicionantes para a protección do patrimonio natural, cultural e paisaxístico; accións que fomenten o desenvolvemento endógeno e que propicien e axuden a cumprir os obxectivos cara un territorio, como é atraer visitantes ao concello.

2.5. ANÁLISE E INTEGRACIÓN DOS EFECTOS DO PLAN SOBRE AS VARIABLES DE SUSTENTABILIDADE.

Neste apartado identifícanse e caracterízanse os efectos ou impactos que o novo Plan ten sobre as variables territoriais e explícase o xeito en que estas quedan recollidas e integradas no Plan para aprobación provisional.

Consumo de solo:

O modelo de territorial do PXOM fai unha clara aposta pola consolidación e compactación, tanto nos solos urbanos existentes (Verín e Pazos), como nos distintos núcleos rurais, garantindo unha ocupación densa complexa e esponxada, como se reflicte nos indicadores de planeamento, e todos os novos desenvolvementos residenciais realízanse no contorno inmediato dos núcleos existentes. Este obxectivo prioritario de consolidación e compactación está especificamente recollido co DR. O aforro e a racionalización do uso do solo é notable e insírese nunha estratexia xeral de desenvolvemento integrada nunha prognose plenamente xustificada que dá validez á ordenación e clasificación do solo proposta, e ademais garante que tódolos novos desenvolvementos residenciais se realicen no contorno inmediato dos núcleos existentes. A resultas dos procesos de participación pública, logo da aprobación inicial do documento do PXOM, incrementáronse lixeiramente as superficies destinadas a solos edificables, debido ao gran número de alegacións presentadas nese sentido, das cales unha parte importante foron aceptadas total ou parcialmente, sen que isto supuña un cambio de modelo nin puña en risco os criterios de sostibilidade e eficiencia que cimentan o novo planeamento.

A prognose e a estratexia de desenvolvemento do PXOM define unha proxección poboacional axustada e interrelacionada coa ordenación prevista e cos recursos de actividade económica

previstos. Ese axuste permite garantir o aforro máximo no consumo de solo e recursos, pois só se clasifica o solo que se precisa para o desenvolvemento previsto cunha pequena marxe de manobra para non estrangular o mercado.

O modelo de ordenación territorial proposto nace da análise do asentamento poboacional existente no concello. Así mesmo, planíffanse moitas actuacións tendentes á mellora das condicións de vida no medio rural, que permitan desenvolver actividades económicas e agropecuarias e fomentar o emprego, mellorar as infraestruturas de servizos urbanísticos, propostas de execución de novos equipamentos de sistema xeral, melloras na mobilidade e no fomento do turismo, a conservación da paisaxe, etc., favorecendo a adecuación entre a ordenación proposta e o conxunto de roles que xa xoga Verín agora.

Garántese a conservación da biodiversidade, da paisaxe e do patrimonio natural do municipio, fomentando a conectividade biolóxica e tratando de integrar unha rede física continuada e conectada coas redes territoriais exteriores e coas de espazos libres urbanos. No solo urbano de Verín, os corredores ecolóxicos potencianse coa localización nas marxes dos principais ríos e regatos de amplos espazos libres de sistema xeral e local.

Garántese o mantemento dos recursos do solo: agropecuarios, forestais, augas e ríos, protección arqueolóxica, etc., mediante principalmente a cualificación destes solos como rústicos de especial protección, evitando que a presión de uso sobre os recursos supere a súa capacidade de rexeneración. Para o cal, no Estudo do Medio Rural ten identificado os espazos de interese produtivo que logo se clasifican como solo rústico especialmente protexido, en función das súas características naturais ou produtivas. Establécense medidas concretas na normativa urbanística para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais.

Garántese a protección dos hábitats e ecosistemas acuáticos e terrestres de maior fragilidade ou interese, dos espazos da rede galega de espazos protexidos, mediante a protección estrita destes espazos e a súa posta en valor para previr o seu deterioro. Na clasificación do solo proposta, o LIC do río Támega clasifícase como solo rústico de especial protección de espazos naturais, ademais de definir nas súas marxes zonas de protección paisaxística que garanten a salvagarda dos distintos humidais presentes nas marxes do río, tanto naturais como orixinados pola acción extractiva do home.

Garántese o uso eficiente do solo e dos recursos naturais, proposta territorial coherente para satisfacer as necesidades da poboación coa mínima ocupación do solo posible, limitando a expansión extensiva e de baixa densidade a zonas moi concretas do territorio, mediante medidas concretas como a localización eficiente das dotacións, pola definición das ordenanzas particulares do solo urbano e nas de núcleo rural e nas condicións establecidas na normativa para a protección da calidade e a paisaxe urbana e rural.

Na clasificación do solo, proposta no tocante aos rústicos de especial protección, en especial as proteccións de infraestruturas e de canles e augas.

Favorecese a mobilidade a través de medios de transporte sustentable. Na definición do modelo de ordenación proposto, definindo a localización dos equipamentos de carácter xeral

o máis preto posible do maior número de poboación do concello que neste caso é a capital municipal.

Ciclo hídrico:

O Plan intervéñen no deseño das novas redes de servizos propostas e na clasificación do solo especialmente protexido de augas e canles, así como tamén na normativa urbanística.

Tómanse medidas concretas para garantir un sistema de abastecemento de auga eficaz e sostible, por medio do deseño e dimensionado das necesidades futuras do concello, do mesmo xeito propónse a mellora no trazado das redes de saneamento e instalacións de depuración das mesmas, co obxectivo de garantir a calidade das augas vertidas ao medio receptor.

No deseño das novas redes de servizos propostas e na clasificación do solo especialmente protexido de augas e canles, así como tamén na normativa urbanística, servirá para garantir un sistema de saneamento eficaz e sostible, que garanta a depuración das augas, eliminando tódolos vertidos directos ou pouco depurados ás canles existentes no concello. Así mesmo, o Plan propón o incremento das redes separativas de augas pluviais e residuais.

Nas fichas de tódalas áreas de planeamento remitido e de sectores urbanizables indícase o tanto por cento de solo de sistema local ou xeral que ten que ser permeable para facilitar a recarga natural do terreo, co fin de facilitala nas novas zonas de desenvolvemento urbanístico.

Establécense medidas concretas na normativa urbanística (título 8) para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais, e con iso garántanse os límites de protección dos cursos fluviais do concello, mediante, principalmente, a cualificación destes solos como rústico de especial protección de augas e canles. No contorno da vila de Verín e noutras zonas sensibles leváronse a cabo estudos hidrolóxicos para determinar as zonas de posible afectación das inundacións e modificáronse ámbitos de solo edificable para evitar, na medida do posible, riscos ás persoas e bens.

É un obxectivo clave e irrenunciable o mantemento da calidade das augas, tanto superficiais como soterradas, as cales son un sinal de identidade, tanto do concello como da comarca.

Enerxía:

A normativa oríéntase prioritariamente a condicionar a estrutura urbanística e lexislativa que vai permitir acadar unha racionalización do consumo enerxético, como por exemplo nas condicións que se sinalan para o alumado público.

Contémplase axeitadamente na normativa urbanística o fomento de todas as posibilidades de obtención complementaria de enerxía na edificación, mediante recursos renovables, en sintonía coas demandas do CTE, inducendo a que a edificación poida acadar o maior grao posible de certificación de eficiencia enerxética, para acadar en conxunto un importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables.

Polo que respecta ás infraestruturas de transporte de enerxía, os trazado aéreos, agás que pasen polos núcleos ou zonas urbanas, quedan clasificadas como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas.

Emisión de Contaminantes:

A compactidade da zonificación favorece a redución dos desprazamentos, complementándose cunha axeitada promoción das alternativas viarias non motorizadas (peonís e bicicleta) que fomentan os modelos de proximidade nos desprazamentos e a redución da utilización do vehículo.

Contémplase axeitadamente na normativa o fomento de todas as posibilidades de obtención de enerxía, mediante recursos renovables, reguladas para acadar en conxunto a mellor calidade de vida, con importante aforro económico e ambiental, e en condicións atmosféricas saudables.

Ciclo de materiais:

Contémplase axeitadamente na normativa, tanto as vías posibles e necesarias para concienciar á poboación como o fomento directo de tódalas posibilidades de xestión dos residuos, de maneira máis eficiente e para fomentar a súa recollida selectiva e a súa reciclaxe en sintonía coas esixencias e demandas climáticas e ambientais.

Nas fichas de tódalas áreas de planeamento remitido e de sectores urbanizables indícanse as reservas de superficie necesaria para a implantación de colectores de RSU.

Actividade económica:

O Plan xustifica razoablemente as accións con respecto ás necesidades das actividades económicas actuais e potenciais, así como ao axeitado dimensionamento e distribución dos equipamentos e infraestruturas.

Contémplase a creación do gran parque empresarial de Tamagos, así como a ampliación do de Pazos, aínda que neste caso limitado pola proximidade da ZEVI do Támega, así mesmo, tamén se propoñen outros pequenos ámbitos de menor superficie para levar a cabo actividades de tipo máis específico.

Outra serie de ámbitos de orientación máis comercial atopan acubillo en diversos sectores localizados ao longo da estrada de Portugal, onde existe unha certa demanda deste tipo de solos, o que fixo que varios propietarios solicitasen incluso reverter a súa edificabilidade residencial para posibilitar a chegada de novas actividades comerciais e investimentos neste eido a curto ou medio prazo, co que se configura unha oferta atractiva e competitiva.

Con todo o PXOM non esquece a potencialidade que o termo municipal ten para as actividades primarias para as que reserva unha boa parte dos terreos aptos para a agricultura e as actividades forestais.

Búscase a potenciación de sectores como a educación ou o termalismo, co gallo de diversificar as oportunidades económicas xa existentes, nesa sempre incompleta pescuda a prol da diferenciación cualitativa dos territorios con respecto a outras zonas do país, como peza clave do desenvolvemento endógeno e a loita contra o despoboamento.

Integración social:

O Plan prevé infraestruturas sociais para a poboación actual e a potencial, segundo as previsións do Plan.

Garántese tamén a proporción regulamentaria de vivendas protexidas.

A rede de equipamentos e espazos e centros públicos que se establecen no Plan, ten en conta aos colectivos vulnerables no deseño destas redes.

Medio natural:

Na clasificación do solo proposta o LIC Río Támega clasifícase como solo rústico de especial protección de espazos naturais, ademais tódolos ámbitos con valores naturais e ecolóxicos son clasificados como rústicos de especial protección. Por tanto, todos os espazos de interese natural do concello, estean ou non baixo algún tipo de figura de protección, están tamén protexidos polo Plan.

Contémplase a definición dos distintos corredores ecolóxicos na memoria de ordenación, en primeiro lugar os grandes corredores ecolóxicos: gran corredor do Támega, corredor do Bubal, corredor do Ábedes, e corredor do Feces, así como os grandes corredores verdes urbanos a conseguir nalgúns casos interconectados cos anteriores: corredor verde de San Lázaro, conexión do barrio de Pazos e o barrio de San Lázaro co Támega e casco histórico de Verín, corredor verde Interior; conexión das dúas grandes áreas equipamentais da cidade, a zona dos institutos ao sur e a zona sanitaria ao norte, apoiándose na nova rolda interior proposta, corredor verde do casco histórico; conexión do casco histórico co novo parque de Vilela e a zona dotacional sanitaria ao norte da cidade, corredor verde do Marbán; conexión da Fonte do Sapo e monte de Montouto co corredor ecolóxico do Támega, e corredor verde dos Balnearios; conexión da Fonte do Sapo, balneario de Sousas, balneario de Fontenova e balneario de Cabreiroá.

Coa clasificación do solo nos rústicos de especial protección e cos diferentes corredores ecolóxicos e verdes, presérvase a integridade funcional dos sistemas naturais.

Medio Rural:

No estudo do Medio Rural identifícanse os espazos de interese produtivo que logo se clasifican como solo rústico especialmente protexido, en función das súas características naturais ou produtivas. Establécense medidas concretas na normativa urbanística para a protección de todos os espazos con recursos naturais, patrimoniais e rurais. Contémplase axeitadamente na clasificación do solo proposta; así como no modelo de ordenación territorial.

Preto do 65% do solo do termo municipal resérvase para usos produtivos primarios, nomeadamente agropecuarios e forestais, que son aqueles para os que estes terreos presentan unha maior aptitude, quedando outros que tamén a teñen englobados en categorías de maior protección, en atención neste caso aos valores ambientais ou paisaxísticos dos mesmos.

A Paisaxe:

Clasifícanse como zonas de protección paisaxística diversas zonas limítrofes coa Rede Natura nas inmediacións dos principais ríos e regatos, así como parte das abas de Monterrei e o cumio de Montouto ao nordeste da Rasela.

Polo que fai á paisaxe, o ISA inclúe unha análise da paisaxe, onde se analizan as cuncas de interese paisaxísticas, así como a súa intervisibilidade.

Medio Urbano:

A apertura dos grandes corredores verdes ao longo da vila de Verín permite unha mellora ambiental e dotacional evidente, permitindo dar continuidade aos corredores ecolóxicos en especial ao corredor do Támega e ao do regato de Marbán, integrándoos na trama urbana e acadando un alto grao de esponxamento dela nas zonas adxacentes aos mesmos. Tamén contribuirán co seu desenvolvemento á creación de carrís-bici e itinerarios peonís que mellorarán a mobilidade no interior da vila, diminuindo as necesidades de mobilidade motorizada mediante vehículos privados en distancias cortas.

Novas dotacións a nivel comarcal e incluso transfronteirizo como a estación de autobuses ou o auditorio permitirán gañar maior peso específico ao concello con respecto á súa contorna inmediata. A ubicación da estación de autobuses foi modificada para a aprobación provisional dentro da parcela onde anteriormente se localizaba.

A apertura dos novos viarios, tanto a rolda interior como a circunvalación polo sur da vila permitirá un maior grao de accesibilidade da poboación aos servizos e dotacións, evitando problemas de conxestión da circulación nas zonas centrais que contan cunha capacidade limitada para xestionar os fluxos circulatorios que as atravesan.

Mediante a delimitación de tres plans especiais (Pazos, Verín, e Cabreiroá) búscase a recuperación dos tecidos urbanos máis antigos para permitir a súa revitalización. No documento de aprobación provisional ampliouse a delimitación do ámbito do PEPRI de Verín, a instancia do organismo de patrimonio cultural, con respecto ao que figuraba no DAI.

O Plan garante a accesibilidade aos núcleos urbanos e contribúe á habitabilidade do medio con zonas verdes accesibles e de calidade e mellorando a calidade da paisaxe urbana actual.

Patrimonio:

Defínese, como se sinalou con anterioridade, a delimitación de tres plans especiais, Pazos, Verín e Cabreiroá.

O catálogo de Bens convértese nunha ferramenta activa que permite dar a coñecer e pór en valor todo o patrimonio do que se ten constancia a día de hoxe e merece ser salvagardado, tanto a través das cautelas que normativamente se establecen, como da súa incorporación a usos e actividades ás que poida achegar valor engadido, como é o caso da recuperación dos antigos balnearios, os muíños etc.

Defínense os niveis de protección e as medidas particulares que lle afectan aos distintos elementos, tanto no propio catálogo como de xeito máis xeral, na normativa urbanística.

O Plan protexe os enclaves de interese cultural, histórico, arquitectónico e arqueolóxico e ten actualizado e catalogado o parque de edificios máis relevantes.

O informe do organismo de patrimonio cultural fixo mudar diversas cuestións da documentación do PXOM (clasificación, proteccións, etc.) que se recollen no documento para aprobación provisional. Tamén a aceptación dalgunhas das alegacións propiciou cambios, aínda que en menor medida que no caso anterior.

Poboación:

Apóstase pola ampliación dos centros de actividade existente como o polígono de Pazos e a implantación dalgún de referencia como é o caso do polígono de Tamagos, co obxectivo último de reinstalar empresas existentes en localizacións non acaídas, así como atraer outras que permitan xerar emprego que fixe poboación no concello, podendo competir deste xeito en igualdade de condicións con outros territorios próximos como as comarcas limítrofes ou o norte de Portugal.

A concepción do modelo territorial proposto no PXOM de Verín xorde do recoñecemento da estrutura actual cun claro referente como é a vila que tende a crear un sistema cada vez máis complexo cos núcleos próximos como é o caso de Pazos, Queizás, Ábedes ou A Rasela, é dicir expandíndose cara os catro puntos cardinais. Esta tendencia debe ser matizada, acadando un desenvolvemento progresivo e compacto, evitando unha excesiva concentración sobre as vías de comunicación o que agravaría un modelo difuso a todas luces pouco sostible. Por iso se busca potenciar os núcleos, xa que pola súa relativa proximidade e boa comunicación coa vila poden permitir un asentamento dos habitantes máis homoxéneo que permita unha ocupación do territorio equilibrada.

A capital como nido referente municipal e comarcal é o espazo sobre o que se desenvolven as principais propostas do PXOM, xa que é onde se levará a cabo un maior asentamento da poboación, iso non implica que non se contemplen medidas e actuacións sobre o resto das poboacións para como se comentou con anterioridade equilibrar na medida do posible os habitantes e non crear ou agravar problemas pola excesiva concentración en áreas con baixa capacidade de acollida ou onde esta se teña superado.

O Plan ten valorado a estrutura demográfica existente e toma as determinacións necesarias para cubrir as deficiencias existentes neste eido.

Vivenda:

O Plan define a capacidade máxima residencial, baseada entre outros factores, pola necesidade estratéxica de solo residencial e de vivenda protexida.

O Plan reserva edificabilidade residencial en tódalas áreas de planeamento remitido e sectores urbanizables residenciais para vivenda protexida.

O Plan establece medidas concretas na normativa para a protección, a conservación de elementos de interese ou catalogados, así como tamén as medidas a seguir para edificación de novas vivendas.

Establécense medidas como a da creación de vivendas de protección oficial de fácil acceso para a xente nova.

Non só se propón unha oferta de nova residencia, senón que se aposta de xeito moi claro pola recuperación e rehabilitación do parque existente a través da redacción dos PEPRI e doutras actuacións nos núcleos rurais.

Mobilidade:

A mobilidade alternativa, tanto peonil como a través de carrís-bici, terá como base principal onde desenvolverse os distintos corredores ecolóxicos do territorio, así como os corredores verdes urbanos, ambos interconectados e relacionados, ofrecendo a posibilidade de non empregar en distancias cortas e incluso medias, vehículos privados a motor, co conseguinte beneficio ambiental que iso supón.

Respecto ás estratexias para a mobilidade, dende o PXOM apostouse polo transporte público; nas modalidades que poidan estar dispoñibles no termo municipal (transporte escolar compartido, noitebus, etc), que complementan as liñas comerciais dos distintos operadores, incluíndo nun futuro o establecemento de servizos coa vila de Chaves, no marco do proxecto de Eurocidade.

A situación da estación de autobuses proposta pretende dar un novo pulo, mellorar o servizo e axudar, na medida do posible, a impulsar o sector que ten en Verín un nó importante nas rutas, tanto provinciais como estatais e mesmo internacionais, no marco do sur de Galicia.

2.6. ANÁLISE E INTEGRACIÓN DOS EFECTOS DO PLAN SOBRE A OCUPACIÓN E TRANSFORMACIÓN DO TERRITORIO.

Para determinar o impacto de ocupación e transformación do territorio establécese no ISA un sistema simplificado de avaliación da capacidade de acollida como base para o cálculo do impacto territorial das accións do Plan, neste caso da categorización proposta polo PXOM. A capacidade avalíase mediante a análise valorativa dunha serie de indicadores de afección ou proximidade a elementos sensibles, sendo o obxectivo fundamental determinar as medidas concretas que se teñan que establecer para estas áreas do concello con carácter previo a ser ordenadas en detalle e logo urbanizadas. Xa que logo, con todo isto analízase o impacto territorial dos solos urbanos non consolidados e solos urbanizables delimitados e non delimitados. O resultado globalmente acada un impacto territorial moi baixo.

Realízase tamén un análise mais detallado e individualizadas dos solos urbanos non consolidados e urbanizables nos que se ten incluído a Ordenación Detallada no propio PXOM.

Ambos sistemas de avaliación os recolleemos por separado nos seguintes apartados, actualizando, no seu caso os cambios derivados do avance na tramitación do PXOM a partir da versión de Aprobación Inicial que se tiña avaliado no ISA.

2.6.1. Avaliación xeral dos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable.

Para cada un dos ámbitos nestas clases de solo (urbanos non consolidados e urbanizables) faise unha matriz na que se valora a calidade ambiental do territorio, así como as posibles afeccións sobre o medio nas zonas onde se vaian a emprazar os ámbitos de planeamento en solo urbano non consolidado e/ou urbanizable, aos efectos de establecer cautelas ou medidas correctoras –no seu caso- en base aos parámetros que se avaliaban.

Como xa temos sinalado, dado que no ISA tíñase avaliado a versión de ordenación do PXOM que foi a Aprobación Inicial actualizaremos nos seguintes parágrafos os datos derivados da

ordenación na súa ordenación actual, logo da exposición pública e informes sectoriais, cos cambios derivados -no seu caso- do avance na tramitación do PXOM a partir da que se tiña avaliado, pois apareceron ou desapareceron algúns ámbitos e se teñen modificado outros.

Solos urbanos non consolidados

Na seguinte matriz identifícanse tódolos solos urbanos non consolidados e os recadros con valor (1) son aqueles nos que a APR ten identificado o parámetro analizado.

Así pois, temos en canto a biodiversidade (hábitats mais vexetación natural) 3 solos identificados; en canto a afeccións, a rede hídrica medida pola proximidade á rede hídrica, de acordo aos parámetros de 100 e 5 m de distancia de policía e dominio, dos cales 1 solo está no dominio público e 6 solos na zona de policía.

Os solos con maior valor ecolóxico son: 0 que está a menos de 100 m dun humidal e 1 solo que está a menos de 5 metros da Rede Natura e 3 solos máis que están a menos de 100 m do espazo protexido,

Respecto a solos sobre protección de augas minerais e termais, identifícanse 19, que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.

Respecto a solos sobre acuífero de Verín, case todos os solos (45) están localizados sobre o acuífero deste concello.

CLAVE	NOME	RIOS ZONA DOMINIO PÚBLICO	RIOS ZONA POLICIA	PROXIMIDADE HUMIDAIS	HABITAT 5m	VEGETACION NATURAL	PROTECCION AUGAS MINERAIS	ACUIFERO	REDE NATURA 5m	REDE NATURA 100m	PATRIMONIO 10m
APR-01	Hospital 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-02	Hospital 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-03	Hospital 3	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-06	Elvira Carrera norte	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-07	Elvira Carrera sur	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-08	Avda. Laza	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-09	Fonte do Sapo	0	1	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-10	San Roque	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-11	Pavillón-Piscina	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-12	Rosalía-Luis Espada 3	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-13	Rosalía-Luis Espada 2	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1
APR-14	Rosalía-Luis Espada 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-15	Avda. Castela 1	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-16	Avda. Castela 2	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-17	Avda. Sousas	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1
APR-18	Fontenova 1	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1
APR-19	Fontenova 2	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-20	Fontenova Balneario	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1
APR-21	Fontenova 3	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-22	Verín Centro 1	0	1	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-24	Centro Saúde	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-25	Noria 1	0	1	0	1	0	0	1	0	1	0
APR-26	Pazos 3	1	1	0	0	1	0	1	1	1	1
APR-27	Pazos 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-28	Pazos 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-30	Camiño Queizás 1	0	1	0	0	0	0	1	0	1	0
APR-31a	Camiño Queizás 2	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-31b	Camiño Queizás 3	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-32	Camiño Queizás 4	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-33	Chivite-Avda. Portugal 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-35	María Inmaculada 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-36	O Per--2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-37	O Per--3	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-38	Infestela 1	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-39	Infestela 2	0	0	0	0	1	1	1	0	0	0
APR-40	Infestela 3	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-41	R-a Laureano Pelaez	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-42	María Inmaculada 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-43	Os Coutos 4	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-44	Os Coutos 5	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-45	Barrios	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-46	Queizás	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1
APR-47	Subestación	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0
APR-48	Pereiriña	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
APR-49	Marbar 2	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
TOTAIS		1	6	0	1	2	19	45	1	3	17

Solos urbanizables:

Os solos urbanizables delimitados SUD :

Na seguinte matriz identifícanse tódolos os solos urbanizables delimitados e os recadros con valor (1) son aqueles nos que sen ten identificado o parámetro analizado.

Así, temos en canto á biodiversidade (hábitats) 0 solos identificados; en canto a afeccións a rede hídrica medida pola proximidade á rede hídrica, de acordo aos parámetros de 100 e 5 m de distancia de policía e dominio, dos cales 1 solo está no dominio público e 6 solos na zona de policía.

O solo con maior valor ecolóxico é 1, que está a menos de 100 metros do espazo protexido.

Solos sobre protección de augas minerais e termais: identifícanse 11 solos que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.

Solos sobre acuífero de Verín: 15 solos están localizados sobre o acuífero de Verín.

4 solos presentan un elemento de patrimonio próximo.

15 solos presentan algúns dos seus límites cun solo rústico de especial protección, debéndose tomar nestes solos as accións para a integración paisaxística do efecto bordo entre o solos urbanizados e os rústicos.

5 solos están a menos de 500 metros dun núcleo rural, debéndose tamén ter isto e conta sobre todo na integración paisaxística dos novos urbanizables cos solos rurais de igual xeito que cos núcleos urbanos próximos de ser o caso.

Matriz SUD:

		RIOS ZONA DOMINIO PÚBLICO	RIOS ZONA POLICIA	PROXIMIDADE HUMIDAIS	HABITAT 5m	VEGETACION NATURAL	PROTECCION AUGAS MINERAIS	ACUIFERO	REDE NATURA 5m	REDE NATURA 100m	PATRONIO 10m	CAMIÑO SANTIAGO	LIMITE SOLO RUSTICO	REDE NATURA 500 m
CLAVE	NOME													
SUD-01	Hospital	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	1	0
SUD-02	A Milleira	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	1
SUD-03	Marbar 1	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	1
SUD-04	Marbar 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	0	1
SUD-05	A Moleriña 2	0	1	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-06	A Moleriña 1	0	1	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-07	Cabreiroá	0	1	0	0	1	1	1	0	0	0	0	1	1
SUD-08	Sousas 1	0	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0	1	0
SUD-09	Fontenova leste	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	0	0
SUD-10	Polvorín	0	0	0	0	0	1	1	0	0	1	0	0	0
SUD-11	Camiño de San Anón	0	0	0	0	1	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-12	San Roque	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0
SUD-13	Sousas 1	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	0	1	0
SUD-14	Institutos 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUD-15	Institutos 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUD-16	Os Coutos	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
SUD-17	A Noria 2	1	1	0	0	0	0	1	0	1	0	0	1	1
SUD-18	A Moleriña 3	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
	TOTAIS	1	6	0	0	3	11	15	0	1	4	0	15	5

SU* Solos urbanizables industriais, dotacionais e de carácter terciario.

Na seguinte matriz identifícanse tódolos solos urbanizables industriais e os recadros con valor (1) son aqueles nos que se ten identificado o parámetro analizado.

Así temos en canto a biodiversidade (hábitats e vexetación de interese) 0 solos identificados; en canto a afeccións a rede hídrica medida pola proximidade, de acordo aos parámetros de 100 e 5 m de distancia de policía e dominio, dos cales 1 solo está no dominio público e 2 solos na zona de policía.

Os solos con maior valor ecolóxico son 1, que están a menos de 5 metros do espazo protexido,

Solos sobre protección de augas minerais e termais: identifícanse 2 solos que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.

Solos sobre acuífero de Verín, 4 solos están localizados sobre o acuífero de Verín.

2 solos presentan un elemento de patrimonio próximo.

Todos os solos presentan algúns dos seus límites cun solo rústico de especial protección debéndose nestes solos tomar as accións para a integración paisaxística do efecto bordo entre os solos urbanizados e os rústicos.

1 solo está a menos de 500 metros dun núcleo rural debéndose tamén ter isto e conta, sobre todo na integración paisaxística dos novos urbanizables cos solos rurais.

Destes, o SUE-01 correspóndese co dotacional da Universidade preto do río entre Feces de Ariba e Feces de Abaixo que terá un tratamento especial en canto a dotación transfronteiriza de carácter xeral.

Matriz SUI

CLAVE	NOME	RIOS ZONA DOMINIO PÚBLICO	RIOS ZONA POLICIA	PROXIMIDADE HUMIDAIS	HABITAT 5m	VEGETACION NATURAL	PROTECCION AUGAS MINERAIS	ACUIFERO	REDE NATURA 5m	REDE NATURA 100m	PATRIONIO 10m	CAMIÑO SANTIAGO	LIMITE SOLO RUSTICO	REDE NATURA 500 m
SUE-01	Universidade	0	1	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
API-04	P.S.P.E. de Tamagos	1	1	0	0	0	0	1	1	0	0	0	1	0
SUI-02	Poligono Pazos	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	1	0
SUI-05	Sousas	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0
SUT-01	Tuelas	0	0	0	0	0	0	1	0	0	1	0	1	0
TOTALS		1	2	0	0	0	2	4	1	0	2	0	5	0

SUND solos urbanizables non delimitados

En canto a biodiversidade (hábitats e vexetación de interese) 1 solos identificados; en canto a afeccións á rede hídrica medida pola proximidade a esta, de acordo aos parámetros de 100 e 5 m de distancia de policía e dominio. Un solo está na zona de policía.

Os solos con maior valor ecolóxico son 1, que están a menos de 5 metros do espazo protexido.

Respecto de protección de augas minerais e termais, identifícanse 2 solos que están dentro do polígono de protección de augas minerais e termais.

Solos sobre acuífero de Verín; 8 solos están localizados sobre o acuífero de Verín.

5 solos presentan algúns dos seus límites cun solo rústico de especial protección debéndose nestes solos tomar as accións para a integración paisaxística do efecto bordo entre os solos urbanizados e os rústicos. Nos demais casos son illas dentro do solo urbano ou entre espazos susceptibles de ser urbanizados en base a clasificación do solo proposta.

Aqueles solos que están a menos de 500 metros dun núcleo rural deberán prever medidas de integración paisaxística destes desenvolvementos cos núcleos rurais, máxime cando o uso previsto sexa distinto daquel de carácter residencial.

Matriz SUND:

CLAVE	NOME	RIOS ZONA DOMINIO PÚBLICO	RIOS ZONA POLICIA	PROXIMIDADE HUMIDAIS	HABITAT 5m	VEGETACION NATURAL	PROTECCION AUGAS MINERAIS	ACUIFERO	REDE NATURA 5m	REDE NATURA 100m	PATRONIO 10m	CAMIÑO SANTIAGO	LIMITE SOLO RUSTICO	REDE NATURA 500 m
NON DELIMITADOS RESIDENCIAIS														
SUND-04	Camiño S. Pedro	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	0
SUND-07	Camiño Queizás	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUND-08	Sousas 2	0	0	0	0	1	1	1	0	0	0	0	1	0
SUND-09	Enfestela 2	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	1	0
SUND-10	As Poulas	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0
SUND-11	Enfestela 1	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0
SUND-12	Camiño O Balneario	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0
SUNDI-01	O Padrón	0	1	0	0	0	0	1	0	1	0	0	1	1
TOTAIS		0	1	0	0	1	2	8	0	1	0	0	5	1

2.6.2. Fichas individualizadas dos ámbitos con Ordenación Detallada no PXOM.

No ISA elaboráronse unhas fichas individualizadas dos solos urbanos non consolidados e urbanizables nos que se ten incluído a Ordenación Detallada no propio PXOM, onde se avalía a magnitude do impacto territorial e se indican as medidas correctoras e minimizadoras do impacto territorial que presenta cada un destes solos.

No ISA estas fichas foron elaboradas para aqueles solos urbanos non consolidados e urbanizables nos que se ten incluído a Ordenación Detallada no propio PXOM na aprobación inicial, polo que é necesario nesta proposta de memoria ambiental, facer un cadro onde estean as equivalencias dos novos solos urbanos non consolidados e urbanizables e analizar a necesidade ou non dunha nova valoración do impacto de ocupación e transformación do territorio nestes solos. Os cambios realizados para a aprobación provisional poderían resumirse en variacións superficiais dos ámbitos de solo urbano non consolidado e urbanizable, por mor das alegacións e os informes sectoriais, sendo as modificacións máis relevantes a eliminación dalgunha das APR ou a subdivisión en dúas, o mesmo que acontece no solo urbanizable onde algún ámbito se considera agora API (plans incorporados) debido á aprobación definitiva de proxectos sectoriais (Tamagos) ou outros que se eliminan ou mudan a categoría de delimitado a non delimitado. Tamén se incorporan un pequeno número tanto de APR como de sectores de solo urbanizable.

2.7. MEDIDAS PROTECTORAS, CORRECTORAS.

As medidas correctoras e protectoras que se presentan no ISA, son de varios tipos, segundo o seu ámbito de incidencia.

- **Medidas xenéricas:** son aquelas deseñadas á redución dos impactos xerados pola aplicación do ordenamento e normativa de planeamento. Dentro destas medidas distínguense dous tipos:
 - **Medidas de protección vectorial**, encamiñadas a protexer os distintos vectores medioambientais (atmosfera, relevo e solos, hidroloxía, vexetación, fauna, paisaxe).
 - **Medidas horizontais ou transversais** que abordan cuestións xerais da sustentabilidade.
- **Medidas particulares:** medidas de aplicación en determinadas actuacións. As clasificadas como de impacto compatible, pero que se producen en zonas de pendente elevada ou dentro da zona de policía dos ríos.

O conxunto destas medidas detállanse no apartado correspondente do ISA.

As medidas particulares para os novos solos urbanos non consolidados e urbanizables resultantes do Plan tralo período de alegacións analízanse en detalle no seguinte capítulo desta memoria, sendo as medidas particulares as mesmas que na aprobación inicial, tanto en solos urbanos non consolidados como urbanizables. Nestes últimos, cómpre salientar que dos 26 sectores avaliados no ISA, incrementáronse ata os 31, logo do trámite de información pública. En xeral, os que se manteñen só sufriron modificacións dos seus límites que non supuxeron cambios nin modificacións relevantes dende a perspectiva do impacto territorial, con todo, aparte dos novos xurdidos da aceptación de distintas alegacións, hai algún que desaparece ou cambia a súa categoría pasando de delimitado a non delimitado.

2.8. CONCRECIÓN DO SEGUIMENTO DO PLAN.

As actuacións que leva a cabo o PXOM deben de ser seguidas e avaliadas, mediante un sistema de indicadores que permitan coñecer o estado que se atopa o planeamento ao longo do tempo para ter información sobre a situación global do concello de Verín en materia de sustentabilidade .

No ISA elabórase unha proposta de Plan de Seguimento Ambiental, composto por un conxunto de indicadores.

Este Plan de Seguimento desenvolverase durante o período de vixencia do PXOM, e implicará a elaboración dunha serie de informes periódicos que serán remitidos ao organismo con competencia. Estes informes do Plan de seguimento deberán contemplar os indicadores establecidos neste Informe, a eficacia das actuacións e, no seu caso, os novos problemas ambientais detectados.

2.9. VIABILIDADE ECONÓMICA DO PLAN.

Todos os custos son previstos no estudo económico financeiro. No capítulo correspondente do ISA determínase o informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e o establecemento dun sistema de seguimento.

3. AVALIACIÓN DO RESULTADO DA FASE DE CONSULTAS.

3.1. ANÁLISE DO PROCEDEMENTO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS.

Dende que se inicia a redacción do PXOM de Verín, o documento foi adaptándose aos diferentes cambios de normativa en materia de solo e as consideracións e determinacións das Administracións consultadas, ás consideracións e determinacións do órgano substantivo da Xunta de Galicia, e aos resultados da exposición pública. Polo tanto, o documento do PXOM que xunto co Informe de Sustentabilidade Ambiental sométese ao trámite de exposición pública é xa un documento moi elaborado.

Os informes e alegacións recollidas durante a fase de información pública determinan a introdución de modificacións no documento do PXOM elaborado para a súa aprobación provisional.

3.2. ANÁLISE DOS RESULTADOS DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS.

Presentáronse 711 alegacións, das que 193 foron estimadas e por tanto con posibilidades de ser incorporadas ao Plan, 250 alegacións foron estimadas parcialmente (isto significa que só parte do exposto na alegación ten a posibilidade de ser incorporado ao Plan) e 267 alegacións foron desestimadas porque teñen difícil ou imposible a súa incorporación ao Plan).

No seguinte cadro resúmese a valoración feita polo equipo redactor das alegacións recibidas na totalidade do concello de Verín:

1: Alegacións recibidas na exposición pública do PXOM

	ESTIMADAS	DESESTIMADAS	ESTIMADAS PARCIALMENTE	
TOTAL ALEGACIÓNS	193	267	250	1*

%	27,24	35,55	35,16	100
---	-------	-------	-------	-----

* unha alegación sen contestar por non poder determinar o que se solicita na mesma.

Compre sinalar que as modificacións derivadas dos cambios solicitados pola CMATI para a Aprobación Definitiva do PXOM teñen afectado a algunhas das alegacións recollidas e analizadas no presente apartado, pero a espera de que se aprobe definitivamente o plan con estas modificacións, non se teñen realizado aínda as valoracións correspondentes a respecto da súa incidencia no tratamento ou na resposta as citadas alegacións, que se revisarán finalmente unha vez que se acade a Aprobación Definitiva do PXOM, para remitir a resolución na que se estableza a ordenación finalmente aprobada nos terreos obxecto de cada alegación a cada solicitante.

Dos informes requiridos ás distintas administracións públicas recibíronse 11, dos cales 7 foron favorables de inicio e os outros 4 informes presentaban condicións e indicacións que supuxeron variacións nas determinacións dos documentos do PXOM, e se acadaron finalmente informes favorables naqueles casos en que os informes iniciais eran desfavorables (Confederación Hidrográfica do Douro, Patrimonio e Estradas da CMATI).

2: Informes recibidos

Emisor	ACRONIMO	Data emisión	Resolución
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI	SXCA CMATI	06/05/2010	Favorable
Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.	SETSI MI	22/06/2010	Favorable
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	DXPC CCD	16/07/2010	Contestado
Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Consellería do Medio Rural.	DXCN CMR	16/09/2010	Favorable
Dirección Xeral de Infraestruturas da CMATI	DXI CMATI	02/11/2010	Contestado
Confederación Hidrográfica do Douro. Mº Medio Ambiente.	CHD MMARM	15/11/2010	Contestado
Confederación Hidrográfica do Douro. Mº Medio Ambiente.	CHD MMARM	21/03/2011	Contestado
Estradas estatais. Mº Fomento.	SGI MF	12/04/2011	Favorable
Dirección Xeral de Infraestruturas da CMATI	DXI CMATI	25/04/2011	Favorable
Minas. Consellería de Industria.	XT CEI	19/05/2011	Favorable
Bantegal. Consellería do Medio Rural.	DXDR CMR	14/09/2011	Favorable
Confederación Hidrográfica do Douro. Mº Medio Ambiente.	CHD MMARM	29/09/2011	Contestado
Deputación	DPO	18/01/2012	Favorable
Confederación Hidrográfica do Douro. Mº Medio Ambiente.	CHD MMARM	11/04/2012	Favorable
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	DXPC CCD	20/04/2012	Favorable
Montes. Consellería do Medio Rural.	SM CMR	6/11/2012	Favorable

3.3. ANÁLISE DA INTEGRACIÓN DOS RESULTADOS DO PROCESO DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS.

Como resultado das alegacións presentadas, modificáronse algunhas delimitacións relativas aos solos urbanos, aos solos urbanizables e aos núcleos rurais. A maioría das modificacións non supoñen cambios significativos na estratexia da ordenación do Plan. Si foron máis significativas as modificacións dos solos urbanizables e dos urbanos non consolidados. As modificacións son, tanto debidas ás alegacións presentadas, como ás determinacións recollidas dos informes das administracións públicas, e a erratas gráficas ou nos textos.

APROBACIÓN INICIAL 2010		APR. PROVISIONAL 2012		CAMBIOS DEBIDO AS ALEGACIÓNS		CAMBIOS DEBIDO AOS INF.SECTORIAIS
AREAS DESENVOLVEMENTO		AREAS DESENVOLVEMENTO		Nº REXISTRO ALEGACIÓN	OBSERVACIONS	INFORME SECTORIAL
URBANO NON CONSOLIDADO		URBANO NON CONSOLIDADO				
NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)			
APR-01	17.596	APR-01	17.718		Reaxustes.	
APR-02	19.300	APR-02	19.543		Reaxustes.	
APR-03	18.261	APR-03	17.180	7687		
APR-04	26.091	APR-04	0		ELIMINADA.	
APR-05	8.929	APR-05	0		ELIMINADA.	
APR-06	19.706	APR-06	19.717		Reaxustes.	
APR-07	24.982	APR-07	26.253	7616		
APR-08	16.035	APR-08	15.492	6533		
APR-09	25763	APR-09	25.766		Reaxustes.	
APR-10	29.355	APR-10	29.355			
APR-11	4.482	APR-11	4.514	6401		
APR-12	8.243	APR-12	8.183		Reaxustes.	
APR-13	9.648	APR-13	9.648			
APR-14	12.213	APR-14	7.947	7694		
APR-15	5.838	APR-15	5.890		Reaxustes.	
APR-16	16.723	APR-16	16.750		Reaxustes.	
APR-17	42.664	APR-17	40.534		Reaxustes.	CMATI (Dirección Xeral de Infraestruturas)
APR-18	15.486	APR-18	15.460	5967		
APR-19	28.990	APR-19	28.312		Reaxustes.	
APR-20	21.952	APR-20	23.024		Reaxustes.	
APR-21	7.722	APR-21	5.559	5111, 6945, 7671		
APR-22	5.040	APR-22	17.199	7631, 7675, 6372	Unión da APR-22 e APR-23	
APR-23	14.223	APR-23	0		Desaparece uníndose á APR-22	
APR-24	4.587	APR-24	3.408	6672		
APR-25	12.107	APR-25	12.123		Reaxustes.	
APR-26	35.982	APR-26	36.234		Reaxustes.	
APR-27	22.983	APR-27	22.999		Reaxustes.	
APR-28	46.853	APR-28	46.861		Reaxustes.	
APR-30	9.198	APR-30	9.328		Reaxustes.	
APR-31	23.976	APR-31a	9.059	6624	Subdivídese a APR-31 noutras dúas de menor expensión.	
		APR-31b	14.692			
APR-32	26.571	APR-32	26.862		Reaxustes.	
APR-33	22.067	APR-33	21.988		Reaxustes.	
APR-34	1.910	APR-34	0	7489, 7633	Desaparece uníndose á APR-36	
APR-35	15.021	APR-35	15.088		Reaxustes.	
APR-36	18.353	APR-36	19.022	6676, 7633, 7489		
APR-37	38.510	APR-37	38.617	7420		

APROBACIÓN INICIAL 2010		APR. PROVISIONAL 2012		CAMBIOS DEBIDO AS ALEGACIÓNS		CAMBIOS DEBIDO AOS INF.SECTORIAIS
AREAS DESENVOLVEMENTO		AREAS DESENVOLVEMENTO		Nº REXISTRO ALEGACIÓN	OBSERVACIONS	INFORME SECTORIAL
URBANO NON CONSOLIDADO		URBANO NON CONSOLIDADO				
NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)			
APR-38	23.290	APR-38	23.472		Reaxustes.	
APR-39	26.249	APR-39	26.388		Reaxustes.	
APR-40	10.698	APR-40	10.910		Reaxustes.	
APR-41	4.162	APR-41	4.160		Reaxustes.	
APR-42	11.013	APR-42	11.042		Reaxustes.	
APR-43	22.500	APR-43	31.280		Reaxustes.	
APR-44	21.332	APR-44	10.644	7660, 7641		
APR-45	29.570	APR-45	29.574	7614	Reaxustes.	
APR-46	23.003	APR-46	20.440	7603		
		APR-47	3.899	7411,7696,7697, 7892	Incorporase este ámbito logo da sinatura do convenio para o traslado da subestación eléctrica.	
		APR-48	9.021	7390	Incorporase este novo ámbito.	
		APR-49	31.647	7809	Parte dos terreos formaban parte do SUD-03 no DAI.	

APROBACIÓN INICIAL 2010		APR. PROVISIONAL 2012		CAMBIOS DEBIDO AS ALEGACIÓNS		CAMBIOS DEBIDO AOS INFORMES SECTORIAIS
URBANIZABLE DELIMITADO		URBANIZABLE DELIMITADO		Nº REXISTRO ALEGACION	OBSERVACIONS	INFORME SECTORIAL
NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)			
SUD-01	31.146	SUD-01	31.094		Reaxustes.	
SUD-02	81.812	SUD-02	82.364		Reaxustes.	CMATI (Dirección Xeral de Infraestructuras)
SUD-03	50.649	SUD-03	22.863	7557	Reordenación do solo, parte do SUD-03 delimitase como APR-49.	
SUD-04	18.154	SUD-04	18.586		Pequenos reajustes co SUD-03 e coa nova APR-49.	
SUD-05	25.305	SUD-05	25.305			
SUD-06	60.103	SUD-06	58.980	4979, 7632		
SUD-07	127.780	SUD-07	128.089			
SUD-08	54.300	SUD-08	54.481		Reaxustes.	
SUD-09	82.046	SUD-09	79.007	6457, 6682,7664,7392,		
SUD-10	48.144	SUD-10	48.040		Reaxustes.	
SUD-11	31.323	SUD-11	31.323			
SUD-12	28.446	SUD-12	28.464		Reaxustes.	
SUD-13	32.192	SUD-13	32.415		Reaxustes.	
SUD-14	44.107	SUD-14	43.909		Reaxustes.	

APROBACIÓN INICIAL 2010		APR. PROVISIONAL 2012		CAMBIOS DEBIDO AS ALEGACIÓNS		CAMBIOS DEBIDO AOS INFORMES SECTORIAIS
URBANIZABLE DELIMITADO		URBANIZABLE DELIMITADO		Nº REXISTRO ALEGACION	OBSERVACIONES	INFORME SECTORIAL
NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)			
SUD-15	61.440	SUD-15	36.624		O ámbito así denominado no DAI subdivídese en dous, o propio SUD-15 de menor superficie e o SUD-19.	
SUD-16	74.192	SUD-16	79.809	5118		
SUD-17	42.385	SUD-17	37.690		Reaxustes.	
SUD-18		SUD-18	20.099	5308, 5865, 7665	Ámbito de nova delimitación.	
SUD-19		SUD-19	27.487	7663	Este ámbito orixínase tras a división do SUD-15 en dúas partes, manténdose a outra co nome orixinal do DAI.	
SUE-01	95.307	SUE-01	209.562		Reordenación dos terreos.	
SUI-01	1.263.582	SUI-01	0		A Aprobación Definitiva do proxecto sectorial de Tamagos fai que estes terreos pasen de considerarse solo urbanizable a API-04.	
SUI-02	136.033	SUI-02	136.033		Zona de ampliación do polígono de Pazos mantense igual que no DAI.	
SUI-03	53.568	SUI-03	0	7655	Este solo urbanizable transformouse no SUNDI-01, sendo tamén ampliado.	
SUI-05	12.086	SUI-05	12.109		Reaxustes.	
SUT-01		SUT-01	31.001	6981, 6980.	Cambiouse a clasificación de solo urbano consolidado que tiñan parte dos terreos a urbanizable terciario a solicitude dos propietarios.	

APROBACIÓN INICIAL 2010		APR. PROVISIONAL 2012		CAMBIOS DEBIDO AS ALEGACIÓNS		CAMBIOS DEBIDO AOS INFORMES SECTORIAIS
URBANIZABLE NON DELIMITADO		URBANIZABLE NON DELIMITADO		Nº REXISTRO ALEGACION	OBSERVACIONES	INFORME SECTORIAL
NOME	SUPERFICIE (M²)	NOME	SUPERFICIE (M²)			
SUND-04	24.238	SUND-04	24.576		Reaxustes.	
SUND-05	15.701	SUND-05	0		Estes terreos pasan a ser considerados como solo urbano consolidado dentro da ordenanza 3X.	
SUND-07	15.911	SUND-07	14.965	7304		
SUND-08	23.392	SUND-08	23.490		Reaxustes.	
SUND-09		SUND-09	38.354	7347, 7348		
SUND-10		SUND-10	67.971	6704, 7509, 7676		
SUND-11		SUND-11	17.944	7460		
SUND-12		SUND-12	74.939	7165, 7222, 7444		
SUNDI-01		SUNDI-01	83.982	7655	No DAI parte destes terreos conformaban o SUI-03, posteriormente ampliáronse e cambiouse a súa categoría.	

5.Modificacións dos núcleos rurais

APROBACIÓN INICIAL 2010. NÚCLEOS RURAIS			APROBACIÓN PROVISIONAL 2012. NÚCLEOS RURAIS.			CAMBIOS DEBIDOS AOS INFORMES SECTORIAIS			
TRADICIONAL		EXPANSIÓN	TRADICIONAL		COMÚN	MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE.Dirección general de sostenibilidad de la costa y el mar. Subdirección general de dominio público marítimo terrestre	CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. Dirección xeral de infraestruturas. Subdirección xeral de planificación e proxectos.	CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS. Augas de Galicia. Zona Galicia- Centro.
NOME	SUP. (M²)	SUP. (M²)	NOME	SUP. (M²)	SUP.(M²)				
NR-01	97.586	144.106	NR-01	99.623	158.083				
NR-02	43.473	111.407	NR-02	46.989	156.455			SI	
NR-03	83.492	91.692	NR-03	99.166	98.978				
NR-04	69.849	69.861	NR-04	75.579	58.071				
NR-05	13.940	46.747	NR-05	15.141	50.166				
NR-06	98.925	99.093	NR-06	69.991	182.246				
NR-07	94.470	88.926	NR-07	72.741	121.757				
NR-08	187.826	218.397	NR-08	188.441	314.096			SI	
NR-09	62.508	78.795	NR-09	63.734	90.375				
NR-10	78.373	48.757	NR-10	87.365	63.359				
NR-11	112.844	149.551	NR-11	72.306	277.527				
NR-12	70.361	135.688	NR-12	83.875	158.083				
NR-13	99.016	171.406	NR-13	111.087	194.495				
NR-14	111.168	147.368	NR-14	124.974	172.255				
NR-15	51.209	10.361	NR-15	64.579	12.739				
NR-16	84.925	347.540	NR-16	86.023	374.870		SI		
			NR-17		25.005				
			NR-18		25.323				
			NR-19		53.028				
			NR-20		41.575				

3.4. INFORMES DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Deputación Provincial de Ourense	18/01/2012		O informe é favorable.
Confederación Hidrográfica do Douro	15/11/2010		Emítase un primeiro informe desfavorable por varias razóns: - Non ter garantido o fornezo dos recursos hídricos. - Posible afección a zonas ou terreos inundables, solicitando tres zonas de estudo: - o Río Támega ao seu paso polo núcleo urbano de Verín, desde a confluencia co Regueiro Novo de Queirugas ata o final do Chan Urbano Consolidado de Verín. - o Regueiro de Sandín ao seu paso polo núcleo urbano de Tamaguelos. - o Río Feces ao seu paso polo Sector SUE-I "Universidade".
	21/03/2011		O Concello de Verín, con data 4 de febreiro de 2011, solicita que a Confederación Hidrográfica do Douro, reconsidere o sentido desfavorable do informe emitido por ese Organismo de cunha respecto da aprobación do Plan Xeral, achegando para iso alegacións ao informe emitido previamente por ese Organismo, pero este emite un segundo informe desfavorable, ratificándose no anterior. En agosto de 2011, o Concello de Verín presenta un estudo hidrolóxico hidráulico á Confederación Hidrográfica do Douro co fin de dar contestación á solicitude da Comisaría de Augas de devandito Organismo, na que se requiría un estudo para determinar o nivel de inundación deses tres tramos.
	26/11/2011		A Confederación Hidrográfica do Douro emite informe desfavorable expoñendo varias consideracións respecto ao estudo: Aspectos hidrolóxicos: os caudais obtidos poderían atoparse minorados respecto dos suscitados. Realízase a comparación cos caudais calculados pola publicación CAUMAX do CEDEX no tramo do río Támega en Verín, de 437 m3/s e 555 m3/s para as avenidas de 100 e 500 anos respectivamente. Estas consideracións considéranse recomendacións sobre os cálculos e menciónase que a estimación e/ou adopción dos parámetros hidrolóxicos e hidráulicos e o emprego das metodoloxías de cálculo considéranse responsabilidade única do autor do estudo, podéndose fixar segundo criterio do técnico redactor. Aspectos Hidráulicos: existen seccións transversais ao eixe do río, na interfase cartografía-HECRAS, xeometrizadas de xeito incorrecto. Solicítase a corrección destas deficiencias para proseguir coa tramitación. En decembro de 2011 o Concello de Verín dá resposta ás modificacións esixidas para a aprobación do estudo hidrolóxico-hidráulico pola Confederación Hidrográfica do Douro.
	12/04/2011		Con estas modificacións, que derivaron nunha ampliación das zonas inundables respecto das orixinais, a Comisaría de Augas da Confederación Hidrográfica do Douro emite informe favorable, cos usos do solo que se poden levar a cabo en cada zona delimitada por cada zona inundable.
Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria	19/05/2011	DEREITOS MINEIROS EXISTENTES	O Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria remite a relación de dereitos mineiros existentes no termo municipal e as coordenadas dos puntos extremos do contorno das citadas zonas. Aos efectos de integrar estes dereitos, na Normativa Urbanística regúlanse as compatibilidades destes usos ou dereitos para actividades extractivas dentro das diferentes categorías de solo rústico, así como as limitacións e condicións de protección dos acuíferos. Para a protección concreta dos mananciais de auga mineral que teñen concesión administrativa de explotación, recollese a ordenanza existente antes do presente PXOM. As condicións de protección da citada ordenanza son as que se recollen no artigo 5.3.3 da Normativa.

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	15/05/09	REFERENTES A BENS A PROTEXER	Trata múltiples aspectos que analizaremos pormenorizadamente, e que foron tamén tratados persoalmente, con carácter xeral, por membros do equipo na propia Consellería e nalgúns casos na Delegación provincial. 1.1. En relación á muralla da vila histórica realizouse un estudo prospectivo específico baseado na bibliografía especializada, definindo un ámbito protexido pactado cos SSTT da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. 1.2. Estableceuse a obriga de redactar un PEPRI nos núcleos de Pazos e do Casco Histórico de Verín e San Lázaro. 1.3. Establecéronse contornos de protección integral e de respecto de todos os petróglifos inventariados, así como dos demais xacementos arqueolóxicos que contaban con base física recoñecible sobre o territorio. Todo levouse a cabo, previa realización dun traballo específico de prospección arqueolóxica, debidamente autorizado pola DXPC, tal e como establecía o informe. 1.4. Incluíuse unha serie de listaxes organizadas por claves, parroquias e lugares, grao de protección e tipoloxías. 1.5. Todas as fichas individuais inclúen agora: fotografía significativa, plano de localización, coordenadas UTM, descrición e grao de conservación e clave do plano (sempre o de maior escala dispoñible) no que se sitúan. 1.6. Suprimíronse os elementos sinalados no informe de referencia: A_185, A_186, e outros citados no apartado "1.1.1.k" do informe. Non foron eliminadas as fichas A_064, A_075 e A_120, correspondente a unha casa tradicional con canzorros de granito situada no núcleo de Cabreiroá, a unha casa con balcón corrido en granito situada en Caldeliñas, e a dous edificios de vivendas da vila de Verín respectivamente, por constituír, a xuízo do equipo redactor, exemplos valiosos de arquitectura vernácula no ámbito municipal. 1.7. No referido á Ruta da Prata foi incorporada a traza remitida polos SSTT da Consellería de Cultura, así como algúns dos bens etnográficos (varios deles foron desbotados de conformidade cos SSTT) a ela vinculados, que eran sinalados no informe. 1.8. Incluíronse os elementos máis significativos do casco histórico de Verín e San Lázaro, con independencia do que estableza no futuro o PEPRI, tal e como se sinalaba no informe, fixando para este núcleo e para o de Pazos un grao de protección xenérico de carácter Ambiental. 1.9. Fíxáronse uns contornos de protección para todos os bens arquitectónicos e etnográficos que foron consensuados cos SSTT da DXPC. A única excepción vén dada polos bens incluídos nos ámbitos definidos para os PEPRIs de Pazos de Casco Histórico de Verín, que posúen unha delimitación precisa. Estes contornos inclúense nos planos de ordenación, mais non nas fichas individuais de cada elemento por sobardar moitos deles un ámbito uniforme que permitise utilizar sempre a mesma escala, facendo inviable unha representación completa do seu perímetro, toda vez que o criterio da DXPC avoga por unir contornos de protección de elementos próximos.
		NO REFERIDO AO CONTIDO DAS FICHAS	Incorporouse un plano de localización dos bens catalogados que inclúe a ordenación. Cando un ben aparece vinculado a unha Finca Singular ou un xardín, esta aparece citada expresamente, e o seu perímetro grafitado nos planos de ordenación. Completouse a localización dos bens incluíndo en cada ficha a ordenación correspondente, as súas coordenadas UTM, usos prohibidos e permitidos, descrición pormenorizada, etc... Corrixíuse a ordenanza de aplicación que figuraba nas fichas. Incluíuse unha fotografía representativa de cada un dos bens catalogados o que cumpre co establecido no art. 75.4 da Lei 2/2010 de 25 de marzo. Corrixíuse a Categoría de Protección que se consignaba nas fichas, pasando de "Incluído no Catálogo" a "Inventariado", en concordancia co establecido na Lei 8/1995. Incorporouse un parágrafo expreso referido á protección en todas as fichas que inclúen un escudo ou pedra heráldica que recoñecen a súa condición de BIC. No que respecta ás fincas singulares foron incluídas as asociadas aos elementos A_124 e A_002, por seren relevantes e significativas para a valoración dos respectivos bens arquitectónicos. Polo motivo contrario obviaos as vinculadas ás fichas A_127, A_153, A_154, A_155 e A_156. No referido á ficha A_140, Casco Histórico de Verín, incorporouse a delimitación exacta do seu ámbito, pactada cos SSTT da DXPC. Incorporouse, ás fichas dos cruceiros, a referencia legal que xustifica a súa consideración de BIC. Tramáronse as plantas dos pozos aos que fan referencia as fichas E_046 e E_047, se ben utilizamos un único plano para cada un dos dous conxuntos (Mandín e Pazos). Incorporáronse ás fichas dos xacementos e achados arqueolóxicos as determinacións contidas no informe de referencia.
		NO REFERIDO AO CAMIÑO DE SANTIAGO	3.1. Incorporouse aos planos a traza do Camiño que foi sometida a información pública, por acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura e Comunicación Social de 13 de xaneiro de 1998. 3.2. As determinacións referidas á Ruta da Prata, consensuadas cos SSTT da DXPC, contéñense na ficha I_001, fixando protección expresa para o arborado autóctono e os muros de peche tradicionais.

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
			3.3. A traza do Camiño e a súa representación gráfica nos planos de ordenación foi incluída tal e como foi solicitada polos SSTT da DXPC nas reunións mantidas ao efecto.
		NO REFERIDO Á NORMATIVA DE PROTECCIÓN.	4.1. Acéptanse con carácter xeral as propostas do informe.
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	16/07/10	NO REFERIDO Á ORDENACIÓN	Acéptanse con carácter xeral as propostas do informe (coas matizacións a respecto de diversas cuestións aclaradas durante as numerosas reunións de traballo efectuadas coa Consellería de Cultura para a resolución dos temas derivados do citado informe), salvo as cuestións que se citan de seguido, en que se establecen solucións ou xustificacións alternativas: - Punto 2.2.1.3 do informe. Non se pode eliminar a clasificación do contorno do balneario de Cabreiroá como solo urbano, por cumprir as condicións obxectivas establecidas na LOUG e desenvolverse alí actividades con continuidade e con perspectivas de futuro ao longo de moitas décadas, pero en calquera caso inclúese esa zona dentro do contorno de protección dos elementos catalogados na zona, por tanto a Consellería de Cultura poderá en calquera caso resolver ante calquera actuación pretendida, os posibles conflitos coa protección tanto do balneario como da fonte, catalogados polo documento do PXOM. - Punto 2.3.1. e) do informe. A delimitación dos núcleos rurais está completamente reaxustada aos parámetros da Modificación recente da LOUG (Lei 2/2010), e xa non dispón de zonas de expansión indiscriminadas, senón de zonas comúns de núcleo rural que cumpren as condicións obxectivas e regradas de clasificación e consolidación esixidas. - Punto 2.4.1 do informe. A ordenación proposta no solo urbanizable SUD-07 xa tivo en conta no seu momento tanto ao Balneario como a fonte de Cabreiroá, ambos elementos incluídos no catálogo do PXOM e no ámbito do contiguo PEPRI-03 Cabreiroá, e pode verse agora que no ámbito de protección destes elementos só existen espazos libres de uso público dentro da ordenación proposta no solo urbanizable SUD-07, por tanto está garantida a non afección desa ordenación ao ámbito de protección destes elementos. - Punto 2.4.2 do informe. A ordenación proposta no solo urbanizable SUD-10 xa tivo en conta no seu momento ao elemento recollido no catálogo do PXOM (ficha E_004, caseta das viñas), deseñando ao seu arredor un espazo libre no que se integra perfectamente (de feito a ordenación deste sector foi redactada polo mesmo equipo que tivo a ben catalogar o citado elemento para incorporalo como elemento da memoria histórica da actividade vinícola tradicional en Verín) e ao que se poderá incorporar con usos socioculturais, engadíndose a posibilidade do seu traslado a outro espazo en caso necesario. - Punto 2.5 do informe. A ordenanza de solo rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico aplicarase de xeito único nas zonas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos, e no resto dos casos (dadas as interferencias con outras potencialidades, lexislacións ou competencias sectoriais, mesmo obrigadas por lei) aplicarase con carácter complementario doutras ordenanzas de solo rústico. No resto das clases de solo a clasificación é obxectiva, segundo a lei e non se pode cambiar a clasificación a rústico, salvo casos moi xustificados.
		NO REFERIDO Á NORMATIVA XERAL	6.1. Acéptanse con carácter xeral as propostas do informe.
Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (Ministerio de Industria, Turismo e Comercio)	22/06/2010		O informe é favorable, e formula unha serie de observacións e normas aplicables en materia de comunicacións electrónicas

ORGANISMO	DATA	RESUMO DO CONTIDO	INTEGRACIÓN NO PLAN
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMAT	06/05/10	Deber de elaborar un plan de recollida municipal	Informe respecto das normas para asegurar unha correcta xestión de residuos urbanos e outros xerados nas distintas fases de desenvolvemento do plan e o deber de elaborar de acordo ao Plan de Xestión de Residuos Urbanos, un plan de recollida municipal. Son determinacións de carácter xeral que non teñen unha integración específica no PXOM e por tanto non son determinacións de incidencia substancial no PXOM.
